

Área de Recursos
Humanos e Formación
Expediente 37990/220

CONCELLERÍA DE
CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



PROCESO SELECTIVO SUBALTERNO/A OEP 2016

ANUNCIO CO ACORDO DA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS AO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN REALIZADO O DÍA 05/09/2021

O órgano de selección, na sesión celebrada o día 13 de setembro de 2021, resolveu o seguinte:

“PRIMEIRO.- En primeiro lugar procedemos a analizar a reclamación presentada polo aspirante D. Emilio Barreto González (Doc. 210183718), que indica que tendo solicitado en tempo e forma unha adaptación do tempo de realización do exercicio, esta non lle foi concedida.

É de ter en conta que ao órgano de selección non lle foi comunicada polo Departamento de RR.HH. dita solicitude, polo que, ao non ter constancia da mesma, actuou en consecuencia, non concedendo dita adaptación de tempo.

Con todo, e á vista da reclamación presentada, examinouse a documentación presentada por dito aspirante no prazo regulamentario de presentación de instancias, comprobando que si tiña solicitado dita adaptación, aportando a documentación acreditativa pertinente, polo que, sen lugar a dúbidas, temos que estimar dita reclamación.

En consecuencia, acordamos realizar un novo exercicio para este aspirante, das mesmas características e similar dificultade, para o que terá para a súa realización un tempo de 50 minutos (tempo xeral outorgado ao resto de aspirantes) máis 50 minutos complementarios, en virtude do establecido na ORDE PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Dito exercicio realizarase o próximo mércores, día 15 de setembro, ás 11,00 horas, nas oficinas de Conserxería, sitas na planta baixa da Casa do Concello, para o que o interesado será convocado oportunamente.

Para a confección do exercicio inmediatamente antes da súa realización, a Presidenta convoca aos membros do órgano de selección para ese mesmo día, ás 09,00 horas da mañá, na Sala de reunións do Departamento de Dirección de Ingresos.

“SEGUNDO.- En segundo lugar procedemos a analizar as alegacións presentadas por diversos aspirantes a distintas preguntas do exercicio.

En virtude do disposto na Base Xeral Décimo Sétima das que rexen esta oposición, as reclamacións deberán ser resoltas polo órgano de selección, previa a emisión de informe por parte do Secretario/a do mesmo.

O que subscribe, Secretario deste órgano de selección, emite o informe que consta a continuación, e que se somete ao órgano de selección para a súa consideración:

“INFORME:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/09/2021 13:57

Páxina 1 de 6

Expediente 37990/220

CSV: 268CAE-AD4237-494549-7GXMHQ-1HRJ6N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

1º.- Pregunta nº 1: “O Estatuto de Autonomía de Galicia foi aprobado mediante:

- a) Lei 1/1981, de 6 de abril.
- b) Real Decreto Lei 7/1978, de 16 de marzo.
- c) Lei 1/1982, de 6 de abril.

d) Ningunha das anteriores é correcta.”

Alegan os/as recorrentes que nesta pregunta a resposta A) non é incorrecta, a falta de poñer ‘Orgánica’, xa que por simplificación pódese interpretar que é válida e pode dar lugar a equívocos.

Pola contra, entende o que subscribe que existen diferencias substanciais entre o que é unha Lei e o que é unha Lei Orgánica. As Leis Orgánicas, segundo a definición contida no artigo 81.1 da Constitución española son ‘... as relativas ao desenrolo dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, as que aproben os Estatutos de Autonomía e o réxime electoral xeral e as demais previstas na Constitución.’ É dicir, que están reservadas para regular unhas determinadas materias, entre outras, para a aprobación dos Estatutos de Autonomía.

As leis ordinarias non veñen definidas na Constitución mais se concretan por dedución excluínse, sendo a expresión ordinaria do poder legislativo.

En resumo, un Estatuto de Autonomía non pode, en ningún caso, ser aprobado por unha Lei ordinaria, senón que é preciso que o sexa por unha Lei Orgánica, polo que, en ningún caso, pode entenderse como correcta a resposta A).

2º.- Pregunta nº 3: “Segundo o artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que aprobase o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), o cesamento dos funcionarios interinos producirase, entre outras causas:

- a) **Pola finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento**
- b) *Pola dimisión do funcionario.*
- c) *Pola apertura dun expediente disciplinario.*
- d) *Todas son correctas.”*

Alegan os/as recorrentes que no artigo 10 do Real Decreto Legislativo ao que fai referencia a pregunta dise literalmente ‘ademais das previstas no artigo 63’ que inclúe ao resto das opcións dadas como resposta, polo que a resposta correcta debería ser a D ‘todas son correctas’.

Mais no citado artigo 63 establécense como causas de perda da condición de funcionario de carreira as seguintes:

- a) *A renuncia á condición de funcionario.*
- b) *A perda da nacionalidade.*
- c) *A xubilación total do funcionario.*
- d) *A sanción disciplinaria de separación do servizo que tivese carácter firme.*
- e) *A pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público que tivese carácter firme.*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/09/2021 13:57

Páxina 2 de 6

Expediente 37990/220

CSV: 268CAE-AD4237-494549-7GXMHQ-1HRJ6N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Como resulta evidente, nin a dimisión do funcionario (resposta B) nin a apertura dun expediente disciplinario (resposta C) son causas para o cesamento dos funcionarios interinos, segundo o tenor literal do artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

3º.- Pregunta nº 7: “O termo municipal de Vigo, ten unha extensión de:

- a) 59.1 km cadrados.
- b) 89.1 km cadrados.
- c) 109.1 km cadrados.**
- d) 179.1 km cadrados.”

Alegan os/as recorrentes que esta pregunta está fóra do temario e non ten ningún fundamento para incluíla no exercicio.

Pola contra, entende o que subscribe que esta pregunta resulta perfectamente encadrada no Tema 10 do Programa Específico: *“Breve descripción do termo municipal de Vigo. Localización dos distintos servizos municipais e centros oficiais. Principais vías urbanas, monumentos e lugares de interese cultural, artístico, deportivo e turístico da cidade.”*

4º.- Pregunta nº 9: “Segundo o artigo 172 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, é unha modalidade de excedencia voluntaria do persoal funcionario de carreira: (art.172 LEPG)

- a) Excedencia por prestación de servizos no sector público.
- b) Excedencia por agrupación familiar.
- c) Excedencia por razón de violencia de xénero.
- d) Todas son correctas.”**

Alegan os/as recorrentes que a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, non entraba no temario.

Pola contra, entende o que subscribe que dita Lei resulta perfectamente encadrada no Tema 5 do Programa Específico: *“A función pública local, concepto e selección de persoal. Os dereitos e deberes e as situacións administrativas dos funcionarios locais. Réxime disciplinario.”*

5º.- Pregunta nº 10: “Segundo o artigo 73 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, os empregados públicos, deben actuar, con carácter xeral, conforme a todos estes principios:

- a) *Legalidade, capacidade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia e honradez.*
- b) *Legalidade, obxectividade, integridade, disciplina, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e ambiental e respecto é igualdade entre mulleres e homes.*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/09/2021 13:57

Páxina 3 de 6

Expediente 37990/220

CSV: 268CAE-AD4237-494549-7GXMHQ-1HRJ6N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

c) Legalidade, obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e ambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes.

d) Ningunha é correcta.”

Alegan os/as recurrentes, por un lado, que dita Lei non entraba no temario, remitíndonos para a súa resposta ao sinalado no punto anterior.

Por outro lado, alegan que na plantilla que se entregou na súa versión en idioma galego, na resposta dada como válida (opción C) figura o termo ‘objetividade’ que non existe en galego.

Evidentemente ese termo non existe en galego, senón que o correcto é ‘obxectividade’ (como así consta na opción B). Mais resulta claro que se trata dun erro tipográfico ou mecanográfico que non impide a correcta comprensión da resposta na que figura dito erro, que resulta evidente polo seu contexto.

6º.- Pregunta nº 15: “Segundo dispón o artigo 18.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, son dereitos e deberes dos veciños:

a) *Participar na xestión municipal de acordo co disposto nas leis e, no seu caso, cando a colaboración con carácter obrigatorio dos veciños sexa interesada polos órganos de goberno e administración municipal.*

b) *Esixir a prestación e, no seu caso, o establecemento do correspondente servizo privado, no suposto de constituír unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio.*

c) Ser informado, previa petición razoada, e dirixir solicitudes á Administración municipal en relación a todos os expedientes e documentación municipal, de acordo co previsto en o artigo 105 da Constitución.

d) Ningunha é correcta.”

Alegan os/as recurrentes que esta pregunta está fóra do temario establecido, xa que non se pode incluír no Tema 2.

Pola contra, entende o que subscribe que esta pregunta resulta perfectamente encadrada no Tema 6 do Programa Específico: *“O cidadán como cliente da Administración pública, dereitos e deberes dos veciños no ámbito local. Información e atención presencial e telefónica, reclamacións, queixas e peticións. Compulsa de documentos e copias auténticas.”*

7º.- Pregunta nº 20: “Segundo o disposto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, cada Administración dispoñerá de:

a) **Un Rexistro Electrónico Xeneral, no que se fará o correspondente asinto de todo documento que sexa presentado ou que se reciba en calquera órgano administrativo, Organismo público ou Entidade vinculado ou dependente a estes.**

b) *Unha Sede electrónica e poderanse anotar na mesma, a saída dos documentos oficiais dirixidos a outros órganos ou particulares*

c) *a e b son correctas.*



d) *Ningunha é correcta.*”

Alegan os/as recorrentes que na plantilla que se entregou na súa versión en idioma galego, na resposta dada como válida (opción A) figura o termo ‘asinto’ que non existe en galego.

Evidentemente ese termo non existe en galego, senón que o correcto é ‘asento’. Mais resulta claro que se trata dun erro tipográfico ou mecanográfico que non impide a correcta comprensión da resposta na que figura dito erro, que resulta evidente polo seu contexto.

8º.- Pregunta nº 25: “De acordo co artigo 2 da Constitución Española de 1978, considera a nación española como:

- a) *Patria comunitaria.*
- b) *Nación comunitaria.*
- c) *Estado monárquico.*”

d) *Patria común e indivisible de todos os españois.*”

Alegan os/as recorrentes que na plantilla publicada coas respostas correctas figuraba como opción correcta a B). Mais é de ter en conta que órgano de selección decatouse deste erro antes de proceder á corrección do exercicio, sendo que a resposta correcta era a opción D). Como consecuencia, publicouse na páxina web municipal a continuación da publicación da plantilla de respostas, unha nota advertindo que se procedía á corrección de dito erro. Na cualificación dos exercicios xa se tivo en conta dita circunstancia, considerando como válida a opción D), polo que non ten virtualidade esta alegación.

9º.- Pregunta reserva nº 4: “Segundo o artigo 113.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia nos casos de nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do posto de traballo:

a) *Durante un máximo dunha hora diaria mentres dure o período de hospitalización, percibindo as retribucións íntegras.*

b) *Durante un máximo de dúas horas diarias mentres dure o período de hospitalización, percibindo as retribucións íntegras.*

c) *Durante un máximo dunha hora diaria mentres dure o período de hospitalización, percibindo as retribucións íntegras e, no seu caso, as prestacións familiares por fillo a cargo.*

d) *Durante un máximo de dúas horas diarias mentres dure o período de hospitalización, con dedución proporcional de haberes.*”

Alegan os/as recorrentes que a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, non entraba no temario.

Pola contra, entende o que subscribe, como xa se sinalou nos puntos 3 e 4, que dita Lei resulta perfectamente encadrada no Tema 5 do Programa Específico: “*A función pública local, concepto e selección de persoal. Os dereitos e deberes e as situacións administrativas dos funcionarios locais. Réxime disciplinario.*”

Á vista de todo o sinalado anteriormente, propónse ao órgano de selección a desestimación de todas estas alegacións polos motivos expostos.”



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/09/2021 13:57

Páxina 5 de 6

Expediente 37990/220

CSV: 268CAE-AD4237-494549-7GXMHQ-1HRJ6N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O órgano de selección, por unanimidade de todos os seus membros presentes, resolve prestar a súa conformidade a este Informe do Secretario, desestimando, en consecuencia, as alegacións presentadas contra as preguntas números 1, 3, 7, 9, 10, 15, 20, 25 e reserva 4.

TERCEIRO.- Acordamos publicar dita resolución na páxina web municipal e no taboleiro de edictos deste Concello, así como a notificación persoal aos reclamantes.

Por último, a convocatoria para aos aspirantes que superaron este primeiro exercicio, queda a expensas do resultado obtido polo aspirante que vai realizalo de novo, segundo o resolto no punto primeiro desta Acta, e a resolución das posibles alegacións que poida presentar.”

O que se comunica aos efectos oportunos e para xeral coñecemento.

O Secretario do órgano de selección, Lucio C. Varela Borreguero

A Presidenta do órgano de selección, María Jesús Magdalena Vila



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/09/2021 13:57

Páxina 6 de 6

Expediente 37990/220

CSV: 268CAE-AD4237-494549-7GXMHQ-1HRJ6N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>